

Composición de texto 5. A REVOLUCIÓN GLORIOSA E A CONSTITUCIÓN DE 1869

O **Sexenio Democrático** ou **Revolucionario** é o período histórico que vai de 1868 a 1874. Cualifícase como “democrático” por ser a primeira vez que en España se reivindica o sufraxio universal e os dereitos sociais, nun intento de culminar o liberalismo coa instauración dunha democracia. E de “revolucionario” por ser unha axitada etapa de cambios políticos (cambio de dinastía, instauración dunha república, aparición do federalismo...), movementos sociais (reivindicacións das clases populares, primeiros pasos do obreirismo socialista e anarquista...), conflitos armados (renovación da guerra carlista, estoupido da guerra de Cuba) e problemas económicos (contexto de crise, enfrontamento entre proteccionistas e librecambistas).

O Sexenio Democrático fracasou no seu intento de modernización política do país e impúxose novamente a solución monárquica, que conduciu ó período da Restauración Borbónica, na persoa de Alfonso XII, fillo de Isabel II.

A REVOLUCIÓN DE 1868, a Gloriosa ou Setembrina.

A revolución de setembro de 1868, denominada Gloriosa polos seus protagonistas, significou o final da monarquía de Isabel II.

As **causas** que levaron á Revolución foron a sucesión de crises que, no último período do reinado de Isabel II, mostraron a debilidade do sistema.

Crise económica. A mediados de 1860 iniciouse unha recesión económica que combinou unha crise de subsistencias, típica do Antigo Réxime, cunha crise financeira e industrial, típica do capitalismo.

- A crise de subsistencias, provocada polas malas colleitas, derivou na escaseza de trigo e na suba do prezo do pan e doutros alimentos básicos. A fame ocasionou un aumento da violencia social no campo.

- A crise financeira, provocada pola baixada do valor das accións na Bolsa, orixinouse a raíz da crise dos ferrocarrís. A construción da rede ferroviaria creara expectativas de altos rendementos dos capitais investidos en Bolsa, pero o rendimento da explotación das liñas foi menor do esperado e o valor das accións caeu. Moitas entidades financeiras, faltas de liquidez, cancelaron os créditos.

- A crise industrial afectou sobre todo ó sector téxtil catalán. A Guerra de Secesión de EE.UU. xerou escaseza e suba do prezo do algodón e moitas pequenas industrias do sector algodoeiro non puideron soportar esta alza de prezos nun momento no que descendía a demanda de produtos téxtiles como consecuencia da crise xeral e da suba do prezo dos alimentos.

A crise social. A maioría da poboación seguía sendo campesiña e, a pesares das desamortizacións, as terras continuaban en mans dunha minoría latifundista. Ademais, a consagración da propiedade privada como un dereito individual provocou que moitos campesiños, ó perder os dereitos tradicionais de cultivar as terras dos señores e tamén os dereitos de uso das terras comunais dos concellos, acabasen convertidos en xornaleiros. Por outra banda, o liberalismo tamén rematou coas corporacións gremiais e nas cidades iniciouse, da man dun lento proceso industrializador, a proletarización do artesanado. Un proletariado que, debido á consideración do traballo como unha mercadoría, traballaba e vivía en míseras condicións. En consecuencia, o malestar entre os xornaleiros e os obreiros era crecente.

A crise política. Durante o reinado de Isabel II, o Partido Moderado, co apoio sistemático da raíña, monopolizaba o poder e gobernaba por decreto. Na década dos 60 estaba desgastado, sen líderes que substituísen a Narváez e desprestixiado por non facer fronte ós problemas do país, polos negocios escuros e os escándalos da Corte... O Partido Progresista tiña que limitarse a permanecer na oposición ou recorrer a pronunciamentos para acceder ó poder. Da escisión da á máis esquerdista

dos progresistas xurdira o Partido Demócrata que defendía a soberanía popular, o sufraxio universal masculino e unha ampliación dos dereitos e liberdades non só individuais senón tamén colectivas.

O Pacto de Ostende e o triunfo da Gloriosa. Os progresistas (Prim, Sagasta) e os demócratas (Pi i Margall, Castelar) reúnen na cidade belga de Ostende para unificar as súas actuacións e rematar cos moderados no poder e coa monarquía de Isabel II, deixándose a decisión da nova forma de goberno (monarquía ou república) en mans dunhas Cortes constituíntes que serían convocadas por sufraxio universal tras o triunfo da insurrección. Ó pacto van adherirse os unionistas (Serrano). A súa incorporación aportou o apoio de boa parte da cúspide do exército, pero o seu carácter conservador limitou ás reivindicacións dos demócratas.

O 19 de setembro de 1868, unha escuadra ancorada na baía de Cádiz ó mando do brigadier Topete inicia o **pronunciamiento militar** contra o goberno de Isabel II. Ós sublevados súmanse Prim e Serrano. Tras a publicación dunha proclama pedindo ós cidadáns que acudisen ás armas para defender a liberdade, a orde e a honradez, e que remataba co lema “Viva España con honra!”, moitas cidades andaluzas tamén se sublevan. O goberno de Isabel II apresúrase a defender o trono e envía ó exército para rematar coa rebelión, pero no enfrontamento do 28 de setembro en Puente de Alcolea (Córdoba) saíron vencedores os insurrectos. O goberno tivo que dimitir e Isabel II exiliarse en Francia.

Na revolución tiveron gran protagonismo as forzas populares, sobre todo urbanas, dirixidas polos progresistas, os demócratas e os republicanos. En moitas cidades constituíronse **Xuntas revolucionarias** que demandaban: liberdade, sufraxio universal, eleccións a Cortes constituíntes, separación Igrexa-Estado, supresión das quintas, abolición do imposto de consumos... O radicalismo dalgunhas Xuntas revolucionarias non era compartido polos dirixentes unionistas e algúns progresistas, que xa viran cumprido o seu obxectivo de derrocar ós Borbóns. A principios de outubro, os sublevados máis moderados propuxeron á Xunta revolucionaria de Madrid (baixo o seu control) o nomeamento dun Goberno provisional de carácter centrista. O xeneral Serrano foi proclamado rexente e o xeneral Prim, presidente dun goberno só de unionistas e progresistas que ordenou disolver as Xuntas e desarmar á Milicia Nacional.

O GOBERNO PROVISIONAL. A Constitución de 1869. O Goberno provisional promulgou unha serie de decretos para satisfacer algunhas demandas populares: liberdade de imprenta, dereito de reunión e asociación, sufraxio universal... e convocou eleccións a Cortes constituíntes. Os comicios (os primeiros en España convocados por sufraxio universal masculino de maiores de 25 anos) deron a vitoria ós progresistas, unionistas e ó sector máis centrista dos demócratas, pero na Cámara estiveron representadas dúas minorías: a carlista e a republicana.

Polo tanto, o **panorama político** de 1868 diversificouse e polarizouse:

- Os **carlistas**, que se presentaron por primeira vez ás eleccións, defendían a preeminencia do catolicismo e unha monarquía tradicional. Os seus maiores apoios estaban no País Vasco e en certas áreas de Cataluña e Valencia.
- Os **moderados**, entre os que destaca Antonio Cánovas del Castillo, seguían fieis a Isabel II e defendía o seu regreso ó trono. Tiñan os maiores apoios nos latifundistas.
- Os **unionistas** (dirixidos por Ríos Rosas), a maioría **progresista** (en torno a Prim, Sagasta e Ruíz Zorrilla) e os **demócratas monárquicos** (Rivero) optaban por unha monarquía subordinada á soberanía nacional e unhas amplas liberdades públicas. Contaban co apoio da burguesía industrial e financeira, das clases medias urbanas, de intelectuais e profesionais liberais e de amplos sectores do exército.
- Os **republicanos** presentaban diversas tendencias. O **Partido Republicano Federal** (escindido do Partido Demócrata), dirixido por Pi i Margall e Figueras defendía o federalismo, o establecemento dun sistema republicano, a separación Igrexa-Estado e o laicismo, a aprobación de medidas que mellorasen as condicións laborais e sociais dos máis desfavorecidos... Dentro dos republicanos federais había dúas tendencias. Os **benévolos** ou **gradualistas**, que controlaban a dirección do

partido (Pi i Margall), eran partidarios do respecto á legalidade e de que o federalismo debía establecerse “de arriba abaixo”, é dicir, que as Cortes decidisen e organizasen o reparto de poderes entre o Estado federal e os Estados que conforman a federación. Os **intransixentes** ou **cantonalistas** (José María de Orense) apoiaban a insurrección popular como método para proclamar a república federal e que o federalismo debía establecerse de “abaixo arriba”, é dicir, que os distintos territorios podían declararse independentes para despois pactar libremente a súa unión nunha república federal. Outro sector dos republicanos, dirixido por Castelar, defendía unha **república unitaria** e posicións sociais e políticas máis conservadoras. Os republicanos tiña os seus apoios na pequena burguesía, nas clases populares urbanas e no campesiñado.

A **Constitución de 1869**, a primeira democrática de España, establece:

- A monarquía como forma de goberno, pero o rei ten uns poderes moi limitados.
- Soberanía nacional, entendida como popular, e sufraxio universal masculino para maiores de 25 anos.
- Separación de poderes:
 - Cortes bicamerais. O Congreso elixido por sufraxio universal masculino directo. O Senado por sufraxio universal masculino indirecto. Asumían en exclusiva o poder lexislativo, controlaban ó goberno e aprobaban os orzamentos.
 - Poder executivo recaía no rei e os seus ministros, que eran responsables ante as Cortes. O rei promulgaba as leis, pero non podía vetalas e só tiña potestade para suspender e disolver as Cortes unha vez por lexislatura.
 - O poder xudicial recaía nos tribunais formados por xuíces, nomeados por oposición, e xurados con participación popular.
- Amplos dereitos individuais e colectivos (de reunión e asociación, de manifestación, de ensinanza...)
- Liberdade relixiosa, aínda que o Estado, non confesional, debe manter o culto e o clero católico.

A Constitución de 1869 consolidou un réxime político baseado nos principios liberal-democráticos, pero non satisfizo as aspiracións dalgúns grupos políticos nin as reivindicacións populares:

- Os republicanos quedaron defraudados coa proclamación dunha forma de goberno monárquica e os radicais co mantemento do culto e do clero polo Estado.
- Os campesiños (sobre todo andaluces e extremeños) non viron cumpridas as demandas dun mellor reparto de terras e o escaso proletariado urbano, sen recoñecemento de melloras laborais e salariais, organizouse nun incipiente movemento obreiro vinculado á Primeira Internacional cuxas ideas internacionalistas, socialistas e anarquistas penetraran en España grazas á ampliación das liberdades públicas aprobadas polo Goberno provisional (dereito de asociación, liberdade de imprenta, apertura de fronteiras).

Proclamada a Constitución, o rexente (Serrano) e o goberno de Prim tiveron que afrontar os problemas do país e buscar un candidato ó trono vacante de España.

Problemas económicos. O ministro de Facenda, Laureano Figuerola, levará a cabo unha política librecambista que abrirá o mercado nacional ós capitais estranxeiros.

- A aprobación da **Lei de Minas** (1871). Cos ingresos obtidos desta venda, en gran parte a capitais estranxeiros, pretendíase obter ingresos cos que amortizar os intereses da elevadísima débeda pública e poder subvencionar ás quebradas compañías ferroviarias.
- **Liberalización dos intercambios exteriores**, rompendo o tradicional proteccionismo español. Esta rebaixa de aranceis provocou a oposición dos industriais algodoeiros cataláns e dos cerealeiros do interior, que vían perigar o seu monopolio sobre o mercado interior.
- **Supresión do imposto sobre os consumos** e introdución dunha **contribución persoal** que gravaba ós cidadáns de forma directa segundo a renda.
- Establecemento da **peseta** como moeda única.

Conflitividade social. Provocada pola insatisfacción do campesiñado e dos obreiros. As maiores **protestas** foron **contra o imposto sobre os consumos e contra o sistema de quintas** (reemprazo da tropa por sorteo de un mozo de cada cinco para realizar un servizo militar que podía durar ata oito anos, pero os membros das familias con recursos podían librar mediante un pago en metálico ó Estado –a redención–, ou pagándolle unha cantidade a un soldado substituto). Ademais os republicanos promoveron **levantamentos a favor da república**, de melloras sociais (condicións de traballo, salarios, reparto de terras)... que foron contidos coa intervención do exército.

Busca dun candidato ó trono. Aprobada a Constitución de 1869, na que se establecía a monarquía como forma de goberno, urxía atopar un candidato ó trono. Prim (presidente do Goberno) foi o encargado de buscar os apoios europeos ós diversos candidatos (duque de Montpensier, Leopoldo de Hohenzollern, Fernando de Coburgo, Espartero...). Finalmente **impúxose a candidatura de Amadeo de Savoia**, fillo do rei Vitor Manuel II, un dos artífices da unificación italiana.

O REINADO DE AMADEO I (1871-1873) Tras ser proclamado rei dos españois polas Cortes, Amadeo chegou a España tres días despois da morte en atentado de Prim, o seu principal valedor. Amadeo I, de formación militar e escaso carisma persoal e estranxeiro (non falaba castelán), pretendeu consolidar un réxime democrático, pero o seu reinado está cheo de dificultades e a nova dinastía conta con numerosos adversarios (carlistas, moderados, republicanos, nobres, a Igrexa...).

- Problemas económicos que obrigaron a recorrer á emisión de débeda pública.
- Inicio da guerra independentista de Cuba, un dos últimos territorios coloniais.
- Animadversión da aristocracia e das camarillas cortesás da época isabelina, sobre todo desde que o monarca mostrou a súa intención de manter a neutralidade política e reduciu o boato da Corte.
- Rexeitamento do clero, contrario a un Estado non confesional que admitía a liberdade de cultos e a un rei da dinastía dos Savoia, promotora da unificación italiana e da perda papal dos Estados Pontificios.
- Desacordo da alta burguesía cun réxime que lexislaba en contra dos seus intereses: abolición da escravitude en Cuba, regulación do traballo infantil, librecambismo económico...
- Resistencia dos sectores populares, que aspiraban a un cambio de sistema social.
- Negativa dos carlistas, que, animados por sentar no trono ó seu candidato (Carlos VII), se rebelaron no País Vasco, Navarra e zonas de Cataluña (Terceira Guerra Carlista).
- Oposición dos republicanos, que protagonizaron novas insurreccións federalistas (1872), como xa ocorrera durante o Goberno Provisional.
- Reacción dos moderados que consideraban ilexítima a nova dinastía e fieis ós Borbóns comezaron a organizar a restauración borbónica arredor do príncipe Alfonso, fillo de Isabel II. Cánovas del Castillo, principal dirixente moderado, captou para a causa afonsina a moitos disidentes unionistas e progresistas, á Igrexa, á alta burguesía financeira e industrial e ós terratenentes.
- Desintegración da coalición governamental (unionistas, progresistas e demócratas) e tensións entre os líderes (Serrano, Sagasta e Ruíz Zorrilla) nas que o rei non quixo tomar partido. Bloqueo parlamentario.

Ante este panorama, Amadeo I presentou a súa renuncia ó trono (2 de febreiro de 1873). A súa abdicación creou un baleiro de poder, o Congreso e o Senado, reunidos en Asemblea Nacional, ante a falta de alternativas e a pesar de ser maioritariamente monárquicos, proclamaron a República o 11 de febreiro de 1873.